

Tempo e Paisaxe

Combustións de Novoneyra

ROMÁN RAÑA

Xa o dicía Octavio Paz: o poeta lírico establece un diálogo co mundo; nese diálogo hai dúas situacións extremas: unha, de soledade; outra, de comunión. O poeta sempre tenta comungar, religarse co obxecto da paixón que sente: a amada, Deus, a natureza, a súa propia ánima... Mais, nese proceso de reunión, sempre vai camiño ao descoñecido ou, mellor, inevitabelmente, pasa polo descoñecido para chegar, tamén dun modo inexorábel, ao descoñecido. Por iso o seu final acaba sendo a blasfemia ou a comunión, o insulto ou a liturxia. No segundo caso pola identificación co obxecto contemplado; no primeiro, pola radical comprobación da súa imposibilidade. Neste sentido, o labor poético e o místico coinciden na súa ansia por se vincular á plenitude, por se disolver nese misterio insondábel do outro que vai alén da propia personalidade.

Algo disto achamos na obra de Uxío Novoneyra, especialmente no ben coñecido *Os eidos. O libro do Courel*. O escritor observa a combustión dunha pequena fogueira, a materia incandescente que arde e se transforma en negro vapor, en calor que se expande, entón exclama: "Eu a ollar pro lume/i o lume a ollarme./O lume sin queimar/fai de min fume..."

O poeta transforma a súa experiencia, a contemplación das labaradas, en expresión: palabra que comunica o seu estado atónito. Eis a diferenza esencial entre o místico e o poeta: o místico revela o seu mergullo no absoluto; a poesía é a súa expresión ou a descarnada tentativa de o expresar. De aí que o místico tenda ao silencio e o poeta á palabra. O verbo do artista mana do acto que a experiencia deposita no seu ser que se dilúe en todo para non ser nada: "Esta tarde o aire é meu amigo./Voume sumindo sumindo./Si o aire quer/chegarein a non ser ninguén."

Ou, dito doutra maneira, se o creador quer ser todo debe chegar a ser nada, se quer sentir como todos debe chegar a ser ninguén. O vislumbre desta certeza nace de percibir o vento, a brisa, o ar que se mobiliza e abraza o corpo todo, a mente que comeza a intuír novas estrañas verdades. Despois do desencadeante do primeiro deslumbramento, o lume, sentimos o segundo, o ar. A auga, cando descende das nubes, acaba sendo o terceiro elemento que perturbador: "Cai a choiva que dá sono/no quedo serán dos prados/i eu cravo enviso

os meus ollos/sin ver o que estoun ollando."

Aquí temos o esquecemento de un propio a través da mirada do chover. O cuarto elemento que advén é o reverso da luz: a sombra, o enigma tan querido de Rosalía de Castro: "Quen na outa tarde/anduvo a catar o aire/sabe que a sombra é máis/que unha lene escuridade."

A paisaxe é espello do que somos e do que non somos, do que chegaremos a ser (herba que medra nos dedos e nos ollos dos mortos). A natureza conteno todo: contennos a nós e ese misterio máis intenso



Uxío Novoneyra n

*A paisaxe é o espello daquilo
que somos e tamén daquilo
que non somos*

que vai no profundo das veas e no fondo do noso pensar: o tempo. Fronte a el está a nosa identidade, o noso corpo que somos e a herba que seremos, a auga que é o tempo que nos leva, o río que é o corpo da auga que pasa e que non cesa, que pasa e que non cesa

